

Antón Alonso Ríos no agrarismo tomiñés (1931-1936)

Natalia Jorge Pereira

*“Eu namoreime de Arxentina,
se Galiza é a miña nai,
Arxentina é a miña noiva”*
Antón Alonso Ríos

Resumo: Antón Alonso Ríos ten pasado a memoria como un heroe. O periplo como fuxido inmortalizado no libro autobiográfico *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* ten servido para recuperar a memoria histórica baixomiñota. Mais os relatos até o de agora téñense centrado na lenda do Siñor Afranio e esquecido o seu papel no agrarismo galego. O presente relato procura as pegadas do líder agrarista en Tomiño, lugar onde residiu durante a súa estancia no período republicano e dende onde desenvolveu o seu labor político. A chegada de Alonso Ríos a Tomiño non foi casual e a súa dedicación ao ensino tampouco. Antón Alonso Ríos chegou ao municipio baixomiñoto cunha encomenda de signo político.

Palabras chave: Antón Alonso Ríos, Tomiño, Siñor Afranio, agrarismo, Aurora del Porvenir, República

Abstract: Antón Alonso Ríos is remembered as a hero. His autobiography *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (Mr. Afranio or how I

escaped from death's claws) focuses on his life as a fugitive during the Spanish Civil War and served to recover the history of the Baixomiño area. However, most research has centred on Siñor Afranio's legend while ignoring his role in the Galician agrarian movements. This article focuses on his role as a political leader in Tomiño, where he lived during the Second Spanish Republic. His arrival to Tomiño was not coincidental and neither was his involvement in education; Antón Alonso Ríos arrived to this town with a political calling.

Keywords: Antón Alonso Ríos, Tomiño, Siñor Afranio, agrarismo, Aurora del Porvenir, República.

Introdución

Dar comezo a un artigo que estude a figura do líder agrarista Antón Alonso Ríos de maneira sintetizada pode resultar difícil pola complexidade da figura e polo carácter frustrante que resulta non dar amplitud ao seu pensamento.

A súa biografía tense visto enriquecida ao longo destes anos co movemento de recuperación da memoria histórica que soubo recoñecer o seu papel destacado durante a II República. Aínda así, e de todos os matices biográficos que se queiran tratar, presentar a Antón Alonso Ríos pasa por definilo como un político agrarista e un mestre galego que botou más da metade da súa vida na Arxentina.

O seu primeiro contacto co país americano relaciónase co fenómeno migratorio, e como centos de miles de galegos e galegas, entre a segunda metade do século XIX e o primeiro terzo do século XX, conformaron o que algúns especialistas catalogaron como “éxodo”. O seu segundo contacto foi como exiliado trala guerra civil española. Entre medias, naceu, formouse, fixo carreira política e contribuíu de forma indiscutible a transformar o agro galego, non só no que atinxe á súa economía, senón no que se refire a súa forma de expresarse “politicamente” como colectivo e a fraguarse un lugar destacado que foi medrando nas dúas primeiras décadas do inaugurado século XX.

O noso relato podería continuar narrando a traxectoria deste singular personaxe pertencente a unha xeración destacada de homes de pensamento e de acción que xa acadaron a inmortalidade.

Este texto podería falar de Alonso Ríos e do lugar do seu pensamento político, das reviravoltas da súa traxectoria. Poderíamos trazar o seu paso pola ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), a súa amizade co centrista Portela Valladares, as súas relacións co Partido Galeguista e a súa candidatura como agrarista. Unha evolución política que sempre foi da man dunha reflexión filosófica que foi mudando co paso do tempo.¹

¹ O seu pensamento filosófico deu lugar a varias publicacións. A de maior difusión foi a novela *Nidia*. Edicións do Castro fixo unha edición póstuma no ano 1991.



Antón Alonso Ríos e a súa familia antes da chegada a Tomiño. Arquivo Diana Alonso.

Tamén, poderíamos estudar o seu pensamento pedagóxico e de cómo o intentou levar a cabo en Tomiño e na rede de escolas levantadas pola FSGyC² desde a emigración. Textos sobre educación hainos, tamén das diferentes etapas que este lonxevo persoero acadou na súa vida.

Teñen sido varios os autores que escolleron como obxecto de estudo a un home que viu solapada a súa transcendencia política simplemente polo seu apego a Castelao como protagonista do galeguismo dentro e fora das nosas fronteiras. Eses autores dos que falamos ou ben estudaron a súa vertente pedagóxica (Malheiro Gutiérrez, 2006) enmarcada dentro da emigración e do americanismo ou ben relataron as súas proezas históricas e persoais (Alonso Fernández, 1994). Tamén a súa vida política ten sido estudiada pero sempre como parte incluída dentro do agrarismo ou do galeguismo na diáspora (Cabo Villaverde, 1998; Núñez Seixas, 1998).

Tratar a figura de Antón Alonso Ríos dende calquera destas perspectivas será quizais redundar unha vez máis nos temas clásicos de investigación histórica dos últimos 20 anos. Por este motivo, o presente traballo pretende abordar ao Alonso Ríos político e facelo empregando fontes alternativas como as orais.

² Federación de Sociedades Gallegas y Culturales foi creada no ano 1921 sendo un dos máis destacados fundadores o propio Antón Alonso Ríos. Case todas as sociedades galegas de Buenos Aires se uniron sen perder a súa autonomía para adoptar unha mesma política social e cultural. É a FSG a que envía a Suárez Picallo e Alonso Ríos a Galicia co establecemento da II República. A estes uniuse Julio Sigüenza representando ao galegos de Montevideo.

A memoria ten sido obxecto dunha revalorización dende mediados dos anos 80' froito dunha viraxe da análise histórica cara preocupacións e esferas da historia que ata entón os círculos académicos non lle viñan prestando atención. En clara relación coa antropoloxía, xorde unha historia social e cultural que centra os seus estudos na vida cotiá e polo tanto nos individuos anónimos que forman colectividades cunha identidade e formas de transmisión propias.³ Nace así a “economía moral”, as formas de resistencia, as “armas dos febles”, pero tamén comeza a complementarse a metodoloxía fundamentada nos documentos e arquivos, en fontes orais e materiais gráficos e privados como son as relacións epistolares⁴.

Este tipo de traballos son debedores dos estudos microterritoriais que constitúen o laboratorio perfecto para analizar relacións sociais, formas de sociabilidade, conflitos e resistencias, e a propia mentalidade do colectivo.

Dende esta perspectiva e tomando como puntos claves as experiencias de vida que nos ofrece a memoria oral, circunscribindo o noso estudio a Tomiño como lugar concreto, e ao período republicano como tempo preciso, analizaremos a figura de Antón Alonso Ríos baseándonos na pegada que a súa presenza supón para este territorio.

As fontes que empregamos nesta investigación teñen que ver, en primeiro lugar, coa documentación xerada no ámbito local ou comarcal. O arquivo municipal tan só conserva algunhas actas plenarias do período estudiado, mais contamos cos valiosos padróns de 1930 e 1935 que nos permiten facer unha radiografía da sociedade. No plano comarcal, contamos cos xornais guardeses de José Darse, *Heraldo Guardés*, e de Juan Noya, *El Nuevo Heraldo*.⁵

En relación ao material gráfico e epistolar contamos co fondo de varias familias: Helena Blanco, familia Álvarez Blázquez⁶, Mario Rodríguez e Diana Alonso.

Así mesmo, as fontes orais que empregamos exhaustivamente proveñen das memorias de vida de Helena Blanco, Eladio Rodríguez, Mario Rodríguez e da mesma familia Alonso Ríos a través das súa fillas Buca e Celta Alonso e dos netos e netas César Alonso, Diana Alonso e Graciela Mirabete. Ademais, das conversas sen gravación de veciños e veciñas de Tomiño que ao longo doutros traballos quixeron lembrar ao “agrarista” que andou fuxido e que sobrevivió á represión.

³ Carlo Guinzburg sinala que “a cultura das clases populares subalternas é unha cultura oral” (Guinzburg, C (1986): *El queso y los gusanos*, Muchnik Editores, Barcelona).

⁴ Un exemplo das posibilidades de estudio das relacións epistolares témolos na obra conxunta de Núñez Seixas e Soutelo Vázquez (2005) *As cartas do destino*, Vigo, Galaxia, na que a emigración é analizada empregando o arquivo epistolar dunha familia concreta.

⁵ Á nivel local, contamos cun exemplar do xornal da Federación Municipal Agraria, *El Agro de Tomiño*.

⁶ A familia Álvarez Cáccamo vén de depositar nos fondos do Instituto de Estudios Miñoranos varias cartas que se cruzaron Xose María Álvarez Blázquez e Antón Alonso Ríos, así como un texto inédito deste último que temos pendentes de consultar.



Comida da Sociedade de Barrantes e de Tomiño en Bos Aires. Segundo da esquerda sentado, Antón Alonso Ríos, xusto detrás de pé Mario Rodríguez. Arquivo Mario Rodríguez.

As fontes bibliográficas veñen recollidas ao final deste traballo complementadas coas conversas con algúns dos seus autores: Xosé Manuel Malheiro e Bieito Alonso.

Sen máis, e co fin de dar comezo a este introdutorio estudo, agradecer as horas que Mario Rodríguez Gómez ten invertido en transmitirme como era o Gran Antón Alonso Ríos. A miña experiencia de vida está chea das súas lembranzas.

Tomiño no contexto histórico do agrarismo.

Tomiño é actualmente un dos concellos máis poboados da provincia de Pontevedra, con 13.942 habitantes censados dos cales o 51% corresponde a franxa de idade de entre 20 e 45 anos. É un concello caracterizado por un perfil demográfico mozo e pola dispersión dos seus núcleos de poboación nun ámbito rural. A densidade de poboación, é de 129,81 nun municipio de 103km cadrados. É, polo tanto, un Concello rural cunha destacada presión demográfica, circunstancia que xa se daba no período que estudamos neste artigo.

Se collemos o padrón municipal de 1930, en Tomiño había 12.987 veciños dos cales 10.645 figuraban como presentes e 2.342 como ausentes. É dicir, o 18,05% dos habitantes de Tomiño estaban fóra do municipio. Esta é unha porcentaxe superior a media que o fixaba no 13,6% entre 1.921-1.930 (Soutelo Vázquez, 2009: 143). Por outro lado, a densidade de poboación, en 1930 era de 80 habitantes por quilómetro cadrado axustándose a media establecida polos historiadores para as zonas costeiras. (Soutelo Vázquez, 2009).

Era, como se desprende das cifras, un municipio cun peso demográfico nada despreciable, no que economía xiraba en torno á agricultura, á gandería, á pesca como ingreso complementario, e á emigración. Porque o fenómeno migratorio en Tomiño adquire connotacións a reparar. Non só supuxo un aliciente nas economías familiares senón que as remesas dun Concello cunha taxa migratoria superior a media facilitou o desenvolvemento do sindicalismo.

Podemos dicir que a emigración estivo detrás tanto da modernización económica do campo ligada as innovacións que as sociedades agrarias introduciron nas súas 15 parroquias, como da creación dunha rede educativa revolucionaria que deu formación a varias xeracións de tomiñeses.

Esta influencia directa no lugar de orixe, favoreceu unha rápida mobilización e politicización da poboación a través da propio fenómeno da emigración así como do movemento agrario.

Falar de agrarismo tomiñés supón trazar unha liña evolutiva no tempo na que o asociacionismo adquire connotacións políticas que durante o período republicano ocuparán a primeira liña política de Galicia.

O agrarismo tomiñés podemos sintetizalo en tres etapas históricas marcadas polo decorrer das accións políticas encabezadas polos principais partidos con peso local: o partido radical e a esquerda galeguista.

Temos unha primeira etapa (1930-31) caracterizada por un movemento agrario en decadencia condicionado polo fracaso do asociacionismo católico e pola fractura que supuxo o debate interno entorno a implicación directa na vida política. Un momento de crise que se cristaliza na asamblea da Federación Agraria Municipal onde se toma partido pola acción política, postulado defendido polo presidente da Federación, Manuel Moure de Santiago, do presidente da Federación Xudicial de Tui, Generoso Lagarejos⁷ e a do político Portela Valladares⁸. A primeira actuación emanada desta decisión será a presentación da candidatura encabezada por Daniel Calzado Poceiro ás eleccións municipais de abril de 1931 da que resultará electo formando goberno os agrarios⁹.

⁷ Generoso Lagarejos, foi un destacado agrarista nacido en Amorín-Tomiño pero que desenvolveu boa parte do seu traballo en Tabagón-O Rosal. Foi emigrante e destacou pola súa apostase por unha agricultura profesional. Así os alumnos da escola “Aurora del Porvenir” visitan o seu invernadoiro símbolo de modernidade na comarca. Ademais de desempeñar varios cargos nas distintas federacións comarcas, alcalde de O Rosal polo Partido Radical.

⁸ Manuel Portela Valladares foi un destacado político galego de centro que fixo a súa carreira en Madrid onde desempeñou o cargo de ministro durante o reinado de Alfonso XIII e durante a Segunda República. Neste período chegou a ser presidente sendo o encargado de convocar as eleccións de febreiro de 1936. A súa carreira non se limitou ás cortes ministeriais senón que adquiriu un papel destacado no panorama político galego a través do periódico *El Pueblo Gallego* (1924-1936) e a través da súa relación cos líderes republicanos e galeguistas do momento, de feito foi Portela Valladares quen promoveu a firma do Pacto de Barrantes.

⁹ A asamblea da Federación Agraria Municipal celebrouse o 8 de febrero de 1931 en Tomiño. Coa victoria da liña agrarista que apostaba pola acción política, líderes como Manuel Moure de Santiago- naquel momento Presidente da Federación- ou Francisco Rodríguez Otero, ven reforzado o seu papel local. Da transcendencia do encontro dá conta o *Heraldo Guardés* (nº 1424, 23 maio de 1931, p.2) onde destaca o entusiasmo dos vecíños de Tebra e Barrantes cuxas sociedades agrarias incluso botaron bombas para celebrar un festexos que concluíron o domingo 17 maio nunha festa “cívico-agro-republicana” no parque do Alivio.

A segunda etapa (1931-1935) caracterízase polos enfrontamentos entre o Partido Radical e a esquerda galeguista que acabará sendo identificada a partires de agora baixo o termo de “agrarios”.

O Partido Radical aparece en escena nas eleccións do 28 de xuño de 1931 pero non é até o 3 de outubro cando se funda oficialmente en Tomiño¹⁰. A súa xunta directiva estaba encabezada por Ramiro Moure Moure; vicepresidente, Juan Ozores; secretario, Eloy Carrera e de tesoureiro Domingo J. Garcés Campo¹¹. Aínda que non formaba parte da xunta directiva¹², a figura máis destacada dos radicais tomíñeses era Carlos Baquero Peruch¹³. A súa influencia política no municipio queda patente nos múltiples artigos que publicou nos diferentes voceiros agraristas baixo o alcume de “Barón de Pedregal”. Foi grazas a súa influencia directa que as sociedades de Forcadela, Figueiró-Estás e Carregal se adheriron dende os primeiros intres ao Partido Radical.

A aparición do Partido Radical converte ao Baixo Miño, e en especial a Tomiño, nun fervedoiro de mobilizacións cun claro obxectivo: controlar os órganos de poder. O movemento agrario fractúrase e as sociedades e sindicatos toman partido por unha cor política. Ou ben se adhiren ao Partido Radical, a esquerda galeguista ou a un terceiro grupo de menor calado formado por conservadores e monárquicos.

O ano de 1933 suporá un punto de inflexión no movemento agrario. Por un lado, aparece a Juventud Republicana Radical de Tomiño (19 marzo 1933), momento que aproveitan Ramiro Moure Moure, Domingo Garcés e Carlos Baquero Peruch para abandonar a Federación Municipal Agraria e consumar deste xeito a división definitiva do agrarismo.

E por outro lado, o enfrontamento dialéctico¹⁴ entre o Partido Radical e a esquerda galeguista representada por Manuel Moure de Santiago, Francisco Rodríguez Otero e Daniel Calzado Poceiro, que acada niveis nunca antes vistos, protagonizando diferentes escándalos na prensa local¹⁵ que serve de medio para

¹⁰ O Partido Radical fúndase o 3 de outubro de 1931 na sé da sociedade Obreros Agricultores de Figueiró-Estás.

¹¹ Domingo Garcés foi o profesor nacional da parroquia de Estás. Aínda que era natural do País Vasco, foi destinado como mestre a Tomiño onde casou e estableceu a súa vida. No ano 1934 abríase a escola da Fundación Peirópolis, unha institución benéfico-docente froito da filantropía do emigrado Abdón Alonso. Nesa escola foi onde Don Domingo impartiu clase a centos de veciños e veciñas de Estás e Figueiró.

¹² Vocais: Manuel Carballido, Gerardo Álvarez, Hipólito Gallego, Antonio Bouzada e Casiano Alonso.

¹³ Baquero Peruch foi nomeado secretario particular de Basilio Álvarez a fins de 1931 e destinado ao Ministerio de Obras Públicas de Madrid.

¹⁴ Os radicais acusan aos galeguistas de traer a ruína ao agro co Estatuto de Autonomía, e de dicir aquí unha cousa e nas Cortes apoiar aos gobernantres.

Neste contexto prodúcese o duro enfrontamento publicado no *Heraldo Guardés* entre o radical Domingo Garcés e o galeguista Francisco Rodríguez Otero. O enfrontamento sálvase coa expulsión de Francisco Rodríguez Otero e do seu compaño Juan Benito Pérez Vicente por difamar, supostamente, a un socio. Na prensa Garcés acusa a Rodríguez Otero de ser “*pomposo ex presidente de la monárquica y ditatorial Unión Patriótica en Tomiño y propulsor de la candidatura de un sacerdote para diputado a Cortes*” (*Heraldo Guardés*, nº 1466, 12 marzo de 1932, p. 4)

¹⁵ A historia da prensa en Galicia dá comezo no 1800 co *El Catón Compostelano*. A partires deste momento estarán aparecendo de xeito constante cabeceiras pero sempre ligadas a círculos da élite. Mais a historia da prensa en Galicia conta cun fenómeno peculiar como é a chamada “prensa agraria” que non é máis que xornais dirixidos a masa



Alonso Ríos e Castelao nun acto político en Bos Aires a fins dos 40'. Arquivo Diana Alonso.

canalizar a pugna polo control do asociacionismo agrario.

A chegada de Antón Alonso Ríos a fins de 1932 tradúcese nun reforzo do agrarismo galeguista e un pulo para o partido na comarca cuxos resultados se traducen na vitoria das eleccións municipais de 1933. A prensa faise eco dos múltiples mitins que se celebran na comarca que son pechados polo presidente da Federación Xudicial e mestre da Aurora Antonio Alonso Ríos. A partir de 1933 no que Alonso Ríos se fai co poder da Federación Provincial Agraria de Pontevedra o galeguismo vai collendo forza e acaparando os principais postos de poder local e comarcal. As sociedades agrarias, as instrutivas, as federacións agrarias, a corporación municipal e a Federación da Provincia serán órganos controlados por Alonso Ríos e polo galeguismo. A súa estratexia, desgastar ao lerrouxismo que acabará fraguando cos escándalos de 1935 do “straperlo” e do “Nombela”¹⁶.

campesiña e que ten comezo nos albores do século XX con *El Campesino de Lavadores*. No municipio de Tomiño no período comprendido entre 1930 e 1936 destacaban os xornais *El Agro del Miño*, *El Agro de Tomiño*, *El Heraldo Guardés*, *Nuevo Heraldo*, *Boletín de la Federación Católico-Agraria de la Diócesis de Tuy*.

16 O ocaso do Partido Radical tradúcese na prensa local ao longo do ano 1935 con alusións a perda de apoio por parte das sociedades agrarias. É de destacar a perda de influencia en sociedades tan imortantes como a Sobrada, Taborda, Figueiró, Tébra, Seixo e Goián.

Podemos afirmar que foi Alonso Ríos, dende a Federación Provincial, o que xestionou a candidatura agraria de Tomiño, que acadou a vitoria nas eleccións municipais de abril de 1933, sendo este o único concello no que o éxito caeu nunha candidatura de esquerda. José Conde Pousadela, o agrario de Barrantes, fixose coa alcaldía na que o acompañaron José García Calzado, José Rodríguez Cerviño, Juan López González, Manuel Vicente Alonso, Manuel Piñeiro Zúñiga e Manuel Vicente Alonso¹⁷.

No seguinte encontro político, as eleccións parlamentarias do 19 de novembro de 1933, a vitoria foi para o centro-dereita de Lerroux, acadando este a Presidencia do Goberno¹⁸. Á diferenza dos resultados a nivel estatal, en Tomiño trunfou a coalición de esquerdas nas que figuraba a candidatura de Alonso Ríos que obtivo 1.221 sufraxios, 900 emilianistas e 600 as dereitas¹⁹.

Os acontecementos de 1934 en Asturias veñen a incrementar as distancias entre faccións²⁰ e acaban supondo a renuncia da corporación municipal de Tomiño como xeito de protesta ante a actuación do goberno de Lerroux.

A caída do goberno lerrouxista no outono de 1935 marca o inicio da terceira e última etapa do agrarismo tomiñés (1935-36). A crise gubernamental ven provocada polos escándalos de corrupción no seo do Partido Radical coñecidos como “Straperlo” e “Nombela” que abocan a convocatoria de eleccións para febreiro de 1936.

En Tomiño, a convocatoria de novos comicios eleva a tensión nun ambiente enrarecido por anos de disputas. A prensa dá conta dese clima endurecido²¹ pola formación de dous bloques antagónicos que se consolida a nivel estatal nas eleccións do 16 febreiro 1936. Os resultados electorais deron a vitoria ao Frente Popular que aglutinaba os sectores de esquerda (48% dos votos), ao que lle seguiu

¹⁷ Na toma de posesión, o recién elegido alcalde lanzou unha firme proposición segundo o recolle o xornalista no *Heraldo Guardés*: “los agrarios de Tomiño son de oposición al actual Gobierno” (*Heraldo Guardés*, nº 1528, 20 maio de 1933, p. 3.).

¹⁸ O Partido Radical Foi o segundo partido máis votado obtendo 102 escanos fronte a CEDA de Gil Robles (Partido católico de dereitas) que conseguira 110 escanos. Os derrotados foron os socialistas con 60 escanos e os de Azaña con 5. En Galicia, o Partido de Lerroux acadou 15 deputados, os que 2 foron por A Coruña, 3 por Lugo, 4 por Ourense e 6 por Pontevedra.

¹⁹ A prensa local recolle con énfase estes acontecementos, insistindo na idea de que os agrarios tomiñeses votaron pola esquerda galeguista co fin de rechazar aos caciques ordoñistas.

²⁰ Durante este período, a centro-dereita busca despolitizar o agrarismo e converter as sociedades en asociacións puramente económicas. Comeza a utilizarse na prensa o termo “agrario” para identificar ao agrarista de esquerda e galeguista e comeza a falarse de sobornos nas eleccións para votar ao Partido Radical.

²¹ A prensa local recolle varios capítulos da dureza dunha campaña que a través da información local nos fai pensar na críspación xeral da sociedade en todo o estado. É de destacar a noticia do *Nuevo Heraldo* que informaba do mitín de Acción Popular do 19 de xaneiro 1936 presidido por un antigo agrario de Forcadela, Francisco Giráldez, que no 1923 asistía ás reunións da Federación Xudicial de Tui:

“Presidió un agrario renegado, Francisco Giráldez, que el año de 1923 en las reuniones de la Federación Judicial de Tuy, representando a Forcadela, se exteriorizaba como el más rebelde, pasándose de la noche a la mañana al campo de Ordóñez y viniéndose a saber más tarde que se había vendido por un estanco” (*Nuevo Heraldo*, nº 84, 1 febreiro de 1936.)

Outro acontecemento a destacar do que daba boa conta a prensa local foi da colocación dunha bandeira monárquica na sé de Agricultores de Goián, que ben traduce o clima de tensión social.

de cerca a CEDA de Gil Robles que lideraba a dereita (46,5%). As formacións de centro de Portela Valladares e Alcalá Zamora perderon apoio de forma vertiginosa acadando tan só o respaldo do 5,4%.²²

Finalmente e como colofón a unha carreira cimentada no agrarismo, o agrario afincado en Tomiño, Antón Alonso Ríos, acada escano nas Cortes²³. O trunfo agrarista servirá de estímulo a unha forza política que atopou na figura de Alonso Ríos ao líder aglutinador do asociacionismo baixomiñoto²⁴.

Villa Álvarez afirma que “en Tomiño, despois das eleccións de febreiro de 1936, a verdadeira forza política do momento era o agrarismo de esquerda, podendo incluso afirmarse que o auténtico centro de decisións políticas non era o Concello senón a Federación Municipal Agraria.” (Villa Álvarez, 2002: 151). Neste contexto, percíbese unha situación na que non quedaba lugar para ambivalencias. Unhas sociedades como a Tebra festexaban por todo o alto o Entroido cun baile en honra de Antón Alonso Ríos, mentres que outras, como a de Estás, se supeditaban ás campañas de vacinación dos animais ou as inscricións dos porcos para cubrir posibles imprevistos.

As Eleccións municipais do 12 abril de 1936 sáldanse de novo coa vitoria dos galeguistas, con Manuel Vicente á cabeza. Oito días antes, o *Nuevo Heraldo* recollía nunha noticia:

“En todas partes se nota efervescencia y deseos de barrer definitivamente de la política a los secuaces de Aldir, de quien Tomiño conserva ingratos recuerdos” (*Nuevo Heraldo*, nº93, 4 abril 1936, p. 8).

²² Ás elección xenerais do 16 e 23 de febreiro de 1936 concorron tres grandes forzas organizadas. Por un lado, a esquerda aliouse e formou a Frente Popular. Reuníronse nesta candidatura o Partido Socialista Obrero Español (PSOE) de Indalecio Prieto, Esquerda Republicana (IR) de Manuel Azaña, Unión Republicana (UR) de Martínez Barrio, Esquerra Republicana de Catalunya (ERC) de Lluís Companys, Partido Comunista de España (PCE) de José Díaz e outros mais. A dereita polo seu lado, presentouse na CEDA de Gil-Robles, pero a diferenza do 1933 non conseguiron facer unha fronte homoxénea e acabou aliándose con grupos antirrepublicanos como os monárquicos alfonsinos e carlistas e outras de centro-dereita como os republicanos progresistas ou demócratas-liberais. A terceira opción era a “centrista” encabezada por quen naquel momento era presidente de goberno, Portela Valladares, e polo presidente da República, Niceto Alcalá-Zamora.

²³ Antón Alonso Ríos acada o escaño parlamentario pola provincia de Pontevedra. Foi nesta provincia onde o xiro á esquerda galeguista foi máis notorio. De 12 deputados, 9 foron da Frente Popular. Á nivel galego o triunfo da esquerda foi máis amplio que na media nacional. Dos 37 deputados en xogo, 25 foron de esquerda, 14 de dereita e 8 de centro. Foron unhas eleccións fortemente disputadas nas que o propio Lerroux quedou sen acta deputado.

²⁴ Coa vitoria agrarista o 26 febreiro 1936, reintegráronse nos seus cargos ás persoas que sufriren represión por razóns políticas trala Revolución de Asturias. Este feito simbolizouse cunha manifestación, dende a sé da Federación Municipal Agraria até a Casa Consistorial no Seixo. Tomaron posesión dos seus cargos os agrarios e dende o balcón da Casa Consistorial dirixíronse aos alí congregados, o alcalde Manuel Vicente; o Presidente da Federación Municipal, Santiago Gavín; ex alcaldes republicanos Manuel Moure de Santiago e José Conde Pousadela; ex presidente do comité revolucionario republicano Francisco Rodríguez Otero e o recién elexido a Cortes Antón Alonso Ríos. Os agrarios que tomaron posesión foron: Manuel Vicente Alonso (Tomiño) como Alcalde; como 1º Tenente-alcalde José Domínguez Justo (Tebra); como 2º Tenente, José Rdez Cerviño (Tebra); como 3º Tenente, Juan López González; como 4º Tenente, Camilo Barreiro Riveiro (Forcadela); como Síndico, Manuel Piñeiro Zúñiga; como Depositario; José Conde Pousadela (Barrantes). Os concelleiros que acadaron acta municipal foron José García Calzado e Modesto Gayo (Tomiño), Joaquín Álvarez Díaz (Carrás), José Rdez Glez (Taborda) e Aquilino Vicente Martínez (S. Salvador Tebra).

Neste fervedoiro de ideas, e froito deste clima de mobilización e activismo, explícase a presenza en Tomiño de Antón Alonso Ríos. O peso do asociacionismo agrario e o papel da emigración fixeron de Tomiño un lugar preeminente na Galicia republicana que Alonso Ríos soubo entender e organizar coordinando forzas e ideas co fin de dar voz ao movemento agrario nas estruturas do poder.

As pegadas da emigración no agrarismo

O movemento agrarista en Tomiño está, polo tanto, fortemente ligado á emigración. Esta influencia ven dada a través de dúas vías: por un lado, polo retorno de emigrados que fundan e ocupan cargos nas sociedades agrarias; e por outro lado, pola financiación de proxectos das sociedades.

Pescudar ambas liñas de actuación é complexo porque os arquivos das sociedades perdéronse e con eles actas de asembleas e documentación epistolar. Empregando a prensa da época podemos atopar noticias relacionadas con xuntas directivas e con actividades que organizaban as sociedades.

A través do Libro de Asociacións sabemos que no termo municipal de Tomiño había 12 sociedades agrarias censadas, pero tamén sabemos que había máis a hora de cotexalas coas noticias do *Heraldo Guardés* e do *Nuevo Heraldo* no que se fai referencia, ao menos, a unha máis.²⁵

Vendo a composición das xuntas directivas non recoñecemos os integrantes que veñen de fóra, salvo caso de persoas que xa eran populares previamente, como Daniel Calzado Poceiro ou Manuel Moure de Santiago dos que sabemos que posuían negocios en Bos Aires. Estes datos temos que extraelos de fontes orais ou de fontes alternativas relacionadas coa esfera do privado das que este traballo é debedor. Un exemplo desta complexidade é o caso de Daniel Calzado que temos ben documentado grazas ao seu paso polo goberno local onde deixou testemuña da súa profesión que lle obrigaba a xustificar as ausencias nas sesións plenarias por mor de “*resolver asuntos personales en la Argentina*”²⁶.

A relación directa de colectivos na emigración coas sociedades agrarias queda constatada ao longo de todo o período republicano. Así a sociedade Obreros Agricultores de la parroquia de Barrantes, fundada no 1910, organiza unha recepción oficial no aeroporto aos convecíños Ricardo Álvarez Conde e Avelino Salgueiro

²⁵ As sociedades agrarias que aparecen no Libro de Asociacións entre 1905 e 1936 son : Obreros Agricultores de Goyán (1905); Obreros Agricultores de Figueiró-Estás (1907); Obreros Agricultores de Los Tebras (1910); Agricultores Católicos de la Parroquia de Taborda (1910-1931); Obreros Agricultores de Tomiño y Forcadela. La Unión (1910-1931); Centro de Agricultores de Tomiño y su Distrito (1910); Obreros Agricultores de la Parroquia de Barrantes (1910); Obreros Agricultores de Amorín- Currás (1910-1931); Obreros Agricultores de Taborda (1911); Agricultores de Forcadela (1922); Casa del Pueblo de Figueiró (1931); Agricultores de Carregal-Amorín (1931). Salvo as que se indica que no 1931 desapareceron, o resto foron declaradas fora da lei no 1936. A sociedade Agricultores de Sobrada (?-1936) está posta ao marxe no *Libro de Asociacións* na Lei de 1939 e polo tanto non aparece no mesmo lugar que o resto das sociedades. As sociedades agrarias a partires de 1935 acollense a nova lexislación e transfórmanse en sindicatos. (Villa Álvarez: 2002).

²⁶ Referencias extraídas das actas plenarias conservados no arquivo municipal.



Francisco Rodríguez Otero e Daniel Calzado ás portas da escola “Aurora del Porvenir”. Arquivo Mario Rodríguez

no ano 1931. Ricardo Álvarez Conde²⁷, ademais, foi nomeado fillo predilecto da parroquia de Barrantes en recoñecemento polas atencións co seu pobo, xa que foi fundador da delegación da sociedade “Aurora del Porvenir” en Bos Aires e da sociedade de Agricultores de Barrantes que logo se transformará en Protectora de Barrantes na que ocupou todos os cargos.

O *Nuevo Heraldo* informa que no ano 1935 se inaugura en Forcadela o edificio social dos Agricultores de Forcadela, nacidos no 1922. Boa parte da financiación, e así a recolle a noticia, procedía de Nova York. Tamén desa capital procedía a financiación da sociedade “Unión del Porvenir” e da construcción do seu edificio social e escolar. Esta influencia canalizada a través da sociedade de instrucción explica, en parte, a pouca relevancia

que tiña a sociedade Obreros Agricultores de Taborda (1911-1936) e a sociedade de signo católico que lle precedeu.

Do mesmo xeito, temos constancia da relación directa do agrarismo tomiñés co outro lado do océano a través da propia prensa agrarista. O voceiro da Federación Municipal Agraria, *El Agro de Tomiño*, xunto coas seccións dedicadas a cada parroquia con sociedade federada, reservaba un espazo ao que denominaban “Letras de lejos” que non era máis que unha relación de noticias da colectividade tomiñesa en Bos Aires.

A outra liña de actuación clave da emigración no local era por medio de persoeiros que desenvolvían cargos de relevancia en institucións públicas como Daniel Calzado Poceiro, alcalde de Tomiño durante o ano 1932. Pero tamén ocupaba postos destacados nas sociedades agraristas locais e nas federacións. Así novamente Daniel Calzado aparecen desenvolvendo cargos como secretario do Centro de Agricultores de Tomiño y su distrito; como fundador da publicación da Federación Municipal Agraria *El Agro de Tomiño* que comeza a súa andaina no ano 1930; como candidato ao Concello de Tomiño nas eleccións municipais

²⁷ Ricardo Álvarez Conde falecerá dous anos despois da súa chegada, en novembro de 1933. Recibindo as máximas honras na súa parroquia.



Cabeceira do xornal "El Agro de Tomiño". Arquivo Mario Rodríguez.

de abril de 1931 a proposta da Federación Municipal Agraria; presidente²⁸ da Federación Xudicial Agraria de Tui²⁹, e presidente da Sociedade Protectora de Barrantes no ano 1934.

O mesmo acontece con Manuel Moure de Santiago que desempeña cargos como delegado da sociedade agraria Obreros Agricultores de Figueiró-Estás no 1930, presidente da Federación Municipal Agraria no 1930, presidente da Casa Pueblo de Figueiró no 1931, Alcalde de Tomiño do 31 agosto de 1932 ao 24 de xaneiro de 1933.

Deste modo vemos como, as idas e vindas de retornados entre as dúas beiras do Atlántico favorecen un contacto directo coas repúblicas americanas e impreñan das ideas “revolucionarias” liberais que naquel momento as situaban na modernidade. Arxentina, Uruguai, Estados Unidos,... protagonizan os adiantos e simbolizan a ansiada ruptura co pasado que se había trasladar ao lugar de procedencia.

Neste contexto, a chegada dunha persoa que trae aire fresco, novas ideas e ilusión para implantar unha serie de reformas en Tomiño supón un forte aliciente para o agrarismo tomiñés.

O papel de Antón Alonso Ríos en Tomiño.

Antón Alonso Ríos chega a Tomiño en decembro de 1932 conducido por Francisco Rodríguez Otero. Tralo seu primeiro encontro na Coruña, nos primeiros

²⁸ Daniel Calzado foi elixido presidente da Federación Xudicial Agraria de Tui o 17 de febreiro de 1931 xunto a Francisco Rodríguez Otero que ocupará o cargo de secretario.

²⁹ A Federación foi creada no ano 1923 e estaba formada polas sociedades dos concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui, Porriño e Salceda de Caselas.

días de xuño de 1931 con motivo da Asemblea “pro-Estatuto de Galicia”³⁰ na que asume o papel de presidente moderando o debate, Francisco e Antón manteñen unha relación epistolar que se consuma cando a Sociedade Aurora del Porvenir ofertan unha praza de Mestre-director da escola que esta sociedade sostiña en Tomiño.³¹

Tras as xornadas da Coruña, o político retornado intenta participar na listaxe electoral da ORGA para as eleccións do 28 de xuño. Pero foi vetado por Santiago Casares Quiroga³², quen preferiu colocar a Ramón Súarez Picallo nun posto de saída. Tras este atranco, trasládase a Santiago de Compostela onde participa na manifestación obreira por mor do conflito do ferrocarril en Galicia. Alonso Ríos e Campos Couceiro interveñen diante dos manifestantes ao chegaren á Alameda compostelá. Alonso Ríos aproveita a ocasión e dá un mitin radical que lle proporciona o nomeamento de presidente da “Xunta Revolucionaria”. Ao malestar e enfado polo veto de Casares Quiroga chega a proposición de “Sociedad de Hijos de Tomiño” por medio de Francisco Rodríguez Otero.

Xa establecido no concello miñoto, reclama a familia e comeza a definir a súa liña política que continuará nesta etapa tomiñesa. O 5 e 6 de decembro participa na Asamblea Constituínte do Partido Galeguista en Pontevedra como representación da ORGA bonarensa, da FSG e do Grupo Galeguista de Tomiño (creado xunto a Francisco Rodríguez Otero e o alcalde tomiñés Daniel Calzado).

Alonso Ríos e Súarez Picallo incorpóranse ao novo partido. O primeiro en calidade de membro do Consello Permanente e racha definitivamente coa ORGA. A Federación estreita colaboración co Partido Galeguista e constitúese como “entidade adherida”, e a antiga sección arxentina da ORGA convértese en delegación galeguista co nome de “Organización Nacionalista Republicán Galega” (ONRG).

Bieito Alonso (1994: 61) describe a estadía de Alonso Ríos en Tomiño do seguinte xeito:

“Educación e agro, por tanto, enguedéllanse nos seus anseios, pero a prioridade social fica reservada para o mundo agrario, verdadeiros “ollo do furacán” de Alonso, durante os cinco anos que bota en Tomiño”.

³⁰ Asamblea organizada polos galeguistas da Federación Republicano Gallega ao exemplo do “Pacto de San Sebastián”.

³¹ Alonso Ríos foi escollido presidente da Asamblea en parte polo simbolismo de América no debate político galego. A súa intervención e debate xirou en torno a emigración, o ensino e o idioma. (Alonso Fernández, 1994)

³² Victoria Armesto recolle nos seus borradores xornalísticos para a sección “o Espello na man” a contestación de Alonso Ríos a Casares Quiroga cando recén chegado de Buenos Aires se entrevista con el en Madrid. Armesto reproduce textualmente declaracions do ano 1971 de Alonso Ríos que lembra o encontro co seguinte diálogo:

“Encontreiño no límbo, tan fora dos nosos problemas que xa na primeira entrevista rifamos. Eu fixenlle falar o galego decíndolle: En Galiza non hai ningún que non fale galego.-

-Non se faga Musiós-respondeume Casares

Cando o vin tan frío despedinme con istas verbas:

Entón vostede non se sorprenda si eu fago cousas extraordinarias en Galiza.”

O certo era que o Baixo Miño era unha comarca cun especial activismo agrario no que xa se deran episodios dramáticos, como os sucesos de Sobredo³³ pero tamén protagonizara encontros importantes como o Congreso Agrario de Tui³⁴ ou mitins multitudinarios de Basilio Álvarez e de Portela Valladares. Mais a Ditadura de Primo de Rivera deteriorou a saúde dun movemento que non conseguira definir a liña política. A súa recuperación era o obxectivo de Calzado e de Rodríguez Otero e en parte dese proxecto sería conveniente que participase Alonso Ríos.

O político silledán será o enlace entre o galeguismo e o agrarismo. O primeiro lugar no que iniciou esta andaina foi no Congreso Agrario de Lavadores a fins de febreiro de 1932 a onde acudiu como delegado de Tomiño. Nese encontro, entre outros aspectos, propuxo que o patrimonio familiar puidera ser embargable en contra dos postulados tradicionais do agrarismo. A súa postura baseábase na crenza, en parteinxenxa con respecto ao sistema económico liberal, de que impedir o embargo de bens en caso de falta de pagamento, podería resultar un impedimento á hora da capitalización da familia labrega. Outra das súas defensas foi a necesidade de unificación política do agrarismo fronte a postura de Lavadores na que defendían un partido agrario independente.

A partires deste encontro, Alonso Ríos será chamado a formar parte como membro do Consello Directivo da “Federación Agraria Provincial” (FAP) desempeñando o papel de secretario, e a participar na campaña da defensa dun modelo cooperativista e da organización parroquial do agrarismo.

Nese mesmo ano de 1932 xa figura como presidente da Federación Xudicial de Tui defendendo unha liña galeguista e esquerdistas. Desempeñando ese cargo organiza un mitin o 31 xullo 1932 na Praza da República, fronte a casa consistorial de O Rosal no que o Presidente da Sociedade de Agrarios deste municipio, Daniel Lorenzo, presentou aos oradores: Alonso Ríos pola Federación Xudicial de Tui; Amador Francisco pola sociedade Los Tabagones; Gumersindo Álvarez (Goián) pola Federación Municipal de Tomiño e Indalecio Tizón pola Federación Provincial de Pontevedra.

Entre o 17 e 19 de decembro de 1932 celébrase unha asamblea de Concellos en Compostela na que se aproba o proxecto de Estatuto co respaldo das organizacións políticas e sociais galegas. Alí creouse a “comisión Central pro-Esta-

³³ Os sucesos de Sobredo forman parte da historia da loita antiforal. Aconteceron o 28 de novembro de 1922 na parroquia de Guillarei, en Tui, onde foron asasidanos tres labradores que formaban parte dunha concentración veciñal en solidariedade cun veciño de Sobredo ao que fán embargar os bens por negarse a pagar o foro. A garda civil, intentou disolver a concentración a balazos matando a tres veciños e ferindo a moitos outros. Os sucesos de Sobredo conmocionaron a sociedade da época. A partires deste acontecemento o movemento agrarista acada maior pulo e os gobernos liberais adoptan a vontade de solucionar a problema foral.

³⁴ O Congreso Rexional Agrario de Tui celebrouse nos días 28, 29 e 30 de xuño de 1922, pouco antes dos sucesos de Sobredo. Este encontro saldouse coa decisión de non pagar os foros, detonante dos acontecementos de novembro. Deste Congreso tamén se tomou a decisión de fundar a Confederación Rexional de Agricultores Galegos baixo a presidencia de Basilio Álvarez.

tuto” que se encargaría da propaganda e organización do plebiscito fixado para setembro de 1933, mais a crise do governo republicano implica a convocatoria de eleccións parlamentarias para o 19 de novembro. Isto supuxo a conformación dunha candidatura entre a Federación Agraria Provincial xunto con galeguistas e republicanos, sendo o resultado a Candidatura de Izquierda Republicana formada por 6 republicanos, 2 galeguistas (Castelao e Paz Andrade) e 2 agrarios (Ramón Alonso Martínez e Antón Alonso Ríos). Para formar parte da candidatura era preciso non estar afiliado a ningún partido, por iso cede a representación da Federación de Sociedades Gallegas a Suárez Picallo e causa baixa no Partido Galeguista.

Alonso Ríos tivo 28.573 votos, a metade do que tivo o último candidato con escano. Tras este fracaso estrepitoso e coa vida do bienio radical (Castelao é desterrado a Badaxoz e Bóveda a Cádiz, descabezando o recién nacido Partido Galeguista), estreita relacións con Portela Valladares e centra os esforzos na política local.

No Congreso agrario do Porriño do que era vicepresidente leva a proposta dunha organización cooperativa do agrarismo e a posta en marcha dunha conferencia económica galega. Ao Porriño acudiron delegados das 191 sociedades federadas e alí Alonso Ríos consolídase como líder agrarista.

Nese congreso moitas das iniciativas do Partido Galeguista avanzaron grazas ao seu papel, que segue estreitando relacións con Portela Valladares a pesares de non ser este un referente para os galeguistas. Ás boas relacións entre ambos políticos conflúen nas colaboracións de Alonso Ríos no xornal de Portela Valladares *El Pueblo Gallego*.

Neste período prodúcese unha escisión entre os agraristas que se foron co Partido Radical de Tomiño e os que se manteñen fieis a Federación Municipal de Tomiño na que temos constancia que Alonso Ríos desempeña o cargo de contador. De feito xa en 20 decembro 1931 nun mitin organizado pola Federación Agraria Municipal o político silledán ten a palabra en nome da ORGA de Bos Aires e Federación Sociais Galegas da Arxentina.

En xaneiro de 1932 dicía isto no *Heraldo Guardés*:

“Todo esto ocurre porque Galicia, esta desdichada Galicia, vive hoy entregada al poder central (...) Galicia tiene que dejar de ser colonia explotada por el Estado español, en beneficio de las demás regiones; y para que esto sea así no hay más camino que el de nutrir y disciplinar las filas de la organización agraria, a fin de arrancar lo que no podrá obtenerse nunca con lloriqueos”

Heraldo Guardés, nº 1.456, 2 xan1932, p. 4 (Villa Álvarez, 2002: 96).

Alonso Ríos clamaba pola supresión total dos foros e nesa liña de actuación enviou un telegrama a Madrid en nome da Federación Agraria Municipal que dicía así:

“Presidente Ministerio, Comisión Ley Agraria, Minoría Gallega Constituyentes: Federación Agraria Tomiño, representación dieciséis parroquias, reunida hoy



Antón Alonso Ríos nun mitin en Vilagarcía durante o período republicano. Arquivo Diana Alonso.

magna asamblea, pide inclusión Ley Agraria, abolición foros, sin gravamen para foratarios, anulándose contribución foral” (Villa Álvarez, 2002: 96.)

A fins de 1935 os afiliados da FAP celebran eleccións para escoller o candidato que concorrerá ás Cortes. Alonso Ríos gaña por 7.200 votos fronte ao histórico agrarista Ramón Alonso e incorpórase á candidatura da Frente Popular. Nesta ocasión si sae como deputado, no sexto lugar da listaxe con 86.114 votos. Nestas eleccións de febreiro de 1936 o máis votado da lista foi Castelao con 100.000 votos ao que lle seguía Suárez Picallo e Villar Ponte que se presentaran por Coruña con 150.000 votos.

Do seu curto tempo no Parlamento, destacamos varias propostas que non puideron ser desenvolvidas parlamentariamente: A protección arancelaria para produción agrícola, gandeira e forestal e a abolición dos Tratados de importación que prexudicaran a produción agrícola (ex. Carnes, madeiras, ovos) que eran pezas fundamentais do seu proxecto. Tamén o eran, a demanda dun réxime de taxas igualitario, dunha lei agraria para minifundios, da rebaixa tributaria progresiva e do control dos prezos industriais.

En xuño participa na campaña pro Estatuto coa que defendía unha democracia “funcional” na que era imprescindible unha autonomía municipal e parroquial. O Estatuto levouse ás urnas o 28 xuño e votaron o dous terzos do censo electoral. O 16 xullo foi entregado nas Cortes.

O 18 xullo prodúcese o levantamento. Alonso Ríos chega a Tomiño un día antes. Alí pasa o día 18 pegado á radio cos membros da corporación local, as autoridades da Federación Agraria e co seu íntimo compañoiro Francisco Rodríguez Otero. Nese día comeza a coordinar os comités de defensa en Tui, Tomiño, O Rosal e A Guarda e encabeza as accións de defensa en Tui ata a súa caída o 26 xullo. A partir deste momento comeza o seu particular periplo polos montes da Serra do Argallo agochado polos agraristas da zona. Durante 2 anos a súa cabeza custa 10.000 pesos por conta de Pablo Bugarín³⁵.

En setembro de 1937 escríbelle a Claudio López, mordomo da SCA para pedirlle cartos e partida de nacemento falsa e recibe información da súa familia. A mediados de 1938 pasa a Portugal pola serra da Peneda e vive no que el chamou despois o “pazo da rocha viva” (unha cova escavada nas rochas)³⁶. En setembro pasa a Arcos de Valdevéz protexido por demócratas portugueses que o enlazaron coa rede de axuda a refuxiados. Tentou fuxir por mar a Francia pero non conseguiu así que foi a Lisboa e Enrique Blanco³⁷ conseguiulle pase do goberno francés co que embarcou a Casablanca. Dende alí cun novo pasaporte embarcou no Lípari e o 29 de xuño 1939 chega a Bos Aires. Chega con 52 anos.

Conclusións

A estadía de Antón Alonso Ríos no municipio miñoto foi a etapa más curta da súa vida, mais das más intensas. A escolla de Tomiño para establecer a sé da súa loita agrarista está en sintonía co traballo que viñan levando a cabo Francisco Rodríguez Otero e Daniel Calzado Poceiro. O político silledán viu a reforzar o proxecto co fin de facer en Galicia:

“unha política que se propoña como finalidade o governo de Galiza ... (Galiza) ten que resolver os seus propios problemas, é dicir, ten que prover e satisfacer as súas necesidades e aspiracións de orde material e de orde espiritoal. E isto ten que facelo o povo galego por medio da súa actividade social, de aí que que deba haber unha política galega” (Extraído de *Galicia*, voceiro de FSG, B. Aires, 7-12-1930.)

³⁵ Alonso Ríos aproveita a toma de posesión da corporación municipal de Tomiño o 25 de febreiro de 1936 para entregar un artigo de conclusións cuxa caligrafía resulta un tanto confusa nalgunhas partes. Nela insta ao goberno local a adoptar unha serie de acordos entre os que está o seguinte: *“pedir la inmediata destitución y procesamiento de Pablo Bugarín, oficial habilitado del Juzgado de Insrucción de Tuy y que sean (...) de sus cargos de juez y secretario de dicho juzgado así como también reparar el secretario del Juzgado municipal de Tomiño; todos ellos por sus actuaciones arbitrarias y lesivas a los intereses del vecindario”* (Arquivo municipal de Tomiño)

³⁶ Na Peneda (rexión do norte Portugués) estivo aproximadamente un mes. Pese ao curto tempo agochado no “Pazo da Rocha Viva”, este período resultou fundamental no desenvolvemento do seu pensamento ao seu regreso a Bos Aires. Os seus recordos da Peneda están recollidos na súas memorias *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*.

³⁷ Enrique Blanco naceu en Tomiño mais dende moi novo emigrou a Lisboa onde rexentou o café restaurant Royal. Membro da Delegación nesa cidade da Sociedade Aurora del Porvenir, co estalido do golpe militar fixo uso das relacións de amizade na capital portuguesa para trasladar ducias de fuxidos galegos. O seu café serviu de enlace a moitos escapados que grazas a súa laboura conseguiron atravesar o Atlántico.



Daniel Calzado e Antón Alonso Ríos con Castelao en Bos Aires. Arquivo Diana Alonso.

O seu proxecto político atravesou diferentes fases evolutivas. Primeiro, determinadas polo contacto co problema galego; despois, coa problemática no agro. O mestre da *Aurora del Porvenir* fixo uso das súas dotes de maxisterio para chegar á sociedade galega. Empregou canles de comunicación pouco habituais que soubo manexar con mestría, como foron os xornais, os boletíns da escola “Aurora del Porvenir”, ou charlas e mitins pola xeografía tomiñesa. A súa figura adquiriu unha longa proxección tanto na Arxentina nos anos en que desenvolveu un intenso labor entre a colectividade inmigrante como en Galicia, na súa etapa de líder agrario. Pero esa figura acada hoxe o rango de lenda ao sabermos da súa fuxida polos montes galegos, obrigado a agochar a súa identidade baixo o alcume de Afranio, como el mesmo deixou escrito³⁸.

O personaxe que hoxe coñecemos a través das fontes orais, é o Alonso Ríos político que ás veces tateataba ao falar, que estendía os brazos e que clamaba por uns campesiños con palabras patrióticas.

A súa misión en Tomiño foi, desde os comezos, política. A FSG decidiu que el fora parte da representación que os asociados galegos na diáspora

³⁸ Durante anos, Alonso Ríos relatou a súa fuxida polos montes galegos a quen se achegaba polo Centro Gallego de Bos Aires. Xose María Álvarez Blázquez convenceuno para que inmortalizara a súa memoria nun libro que publicou a editorial Castelos no ano 1979. Levou por título *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte. Memorias dun fuxido*. Na década dos anos 90 a editorial A Nosa Terra foi a encargada de reeditalo cunha edición ampliada a cargo de Bieito Alonso. Foron estas últimas reedicións as que permitiron que a súa figura recuperara a popularidade máis alá do ámbito académico.



Antón Alonso Ríos acompañado de súa esposa Oliva e da súa filla Celta nunhas vacacións ás aforas de Bos Aires.
Arquivo Diana Alonso.

habían ter na Asemblea pro Estatuto, e polo tanto, traía baixo o brazo unha misiva política de parte dos emigrantes.

A actitude de Casares Quiroga cara a súa carreira política determinou que o mestre silledán optara por aceptar a proposta dos galeguistas tomiñeses. Foi o proxecto de ‘Paquiño’ Rodríguez e Daniel Calzado o que condicionou a súa estadía en terras baixomiñotas e polo tanto a actuación que viría a desenvolver. Xunto aos dous políticos tomiñeses, trazará unha estratexia que lle permitirá ocupar cargos determinantes na estrutura do movemento agrarista pontevedrés. Deste xeito, ocupará o cargo de secretario da Federación Agraria Provincial (FAP), presidente da Federación Xudicial de Tui, desempeñará o cargo de contador na Federación Agraria Municipal de Tomiño e manterase como representante da Federación Sociedades Galegas na Arxentina e da ORGA de Bos Aires. Ademais, formará parte dos principais encontros do agrarismo na etapa republicana, como foron o Congreso Agrario de Lavadores (febreiro 1932) ou o Congreso Agrario do Porriño (marzo de 1935) no que tivo un papel fundamental orientado a FAP cara posturas claramente galeguistas. E escribirá nos xornais *El Pueblo Gallego*, *El Agro de Tomiño* ou *El Nuevo Heraldo*. Para finalmente, acadar a acta de Deputado.

Con grande capacidade para recuperarse das vicisitudes da andaina política, o líder agrarista que formara parte da candidatura de Izquierda Republicana no 1932, pola que obtivo un negativo resultado, presentará novamente candidatura a Cortes no ano 1936 tras ser escollido polos afiliados da FAP. En

só tres anos, é un dos políticos agrarios más populares da mobilización agraria. A súa loita, consegue finalmente acadar o escano nas Cortes a cal non poderá defender por moito tempo.

As súas conviccións políticas e o seu forte carácter levarano en moitas ocasións a diverxer das correntes e das organizacións políticas ao uso. A súa relación de amizade co político de centro Portela Valladares supúxolle importantes críticas que afrontou coa condición de agrarista como se definía así mesmo publicamente.

Finalmente, podemos rematar concluíndo que Antón Alonso Ríos foi o líder político que serviu de enlace entre o agrarismo e o galeguismo. Mais tamén foi o que “*andivo fuxido e non o colllerón, Alonso Ríos era diputado en Madrid e como facía discursos e que ben falaba a pesares de que tateataba un chisco*” (entrevista Mario Rodríguez Gómez, 6 outubro 2012).

Para o meu Antón.

Bibliografía

- ALONSO RÍOS, A (1956): *Da saudade, amore, arte e misticismo*.
--- (1961): *A cultura galega na súa dimensión american*, Prisciliano, Buenos Aires.
--- (2006): *O Siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte*, A Nosa Terra, Vigo.
--- (1991): *Nidia*, Edicións do Castro, Sada.
- ALONSO FERNÁNDEZ, BIEITO (1994): *Antón Alonso Ríos. Crónica dunha fidelidade*, Laioveneto, Santiago de Compostela.
--- (2007): “Unha lectura actual do “Siñor Afranio””, *O Miño, unha corrente de memoria: actas das Xornadas sobre a represión franquista no Baixo Miño*, Alén-Miño, Ponteareas, pp. 175-187.
- BERAMENDI, J. (2008) , *De provincia a nación*, Vigo, Xerais.
- CABO VILLAVERDE, M. (1998): O Agrarismo, A Nosa Terra, Vigo.
--- (2002): *Prensa agraria en Galicia*, Duen de Bux, Ourense.
- CASTELAO, OTERO PEDRAYO, SUÁREZ PICALLO, VILLAR PONTE (1978): *Discursos parlamentarios (1931-1933)*, Do Castro, Sada.
- FERREIRO, C. E PENA, I. (coord) (2006): Homenaxe a Antón Alonso Ríos e Ramón de Valenzuela, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- JORGE PEREIRA, N (2004): “As escolas indianas en Tomiño”, *Pontenova*, nº 10, pp. 107-116
--- (2010): *Tomiño na historia*, A Nosa Terra, Vigo
--- (2013): *Antonio Fernández. Pintor de tres mundos*, Concello de Tomiño.

- MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M (2002): “Pro escuela Hijos de Loño: un proxecto de intervención educativa e organización escolar desde América na comarca de Deza”, *Anuario de Estudios e Investigación*.
- (2003): “Antón Alonso Ríos: unhas notas sobre a emigración, agrarismo e escola rural”, *A Trabe de Ouro*, tomo I, ano XIV, Sotelo Blanco.
- (2003): “Tralos pasos de Decroly...a escola no medio natural en Galicia a principios do século XX”, *Adaxe*, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.
- (2006): *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagóxico: Ignacio Ares de Parra e Antón Alonso Ríos*, Do Castro, Sada.
- (2011): *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936) I Centenario das Escolas da Unión Hispano-Americana Valle Miñor (1909-2009)*, Instituto de Estudos Miñoranos, Gondomar.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos*, Xerais, Vigo.
- OBELLEIRO PIÑÓN, L (2007): *As escolas de fundación en Galiza. Unha necesidade social de alfabetización*, A Nosa Terra, Vigo.
- PEÑA SAAVEDRA, V (2012): *Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia*, Consello da Cultura, Santiago de Compostela.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R(1998): “Memoria oral e historia rural:a aportación dos documentos persoais no estudio inter disciplinar das transformacións económicas e sociais na Galicia campesiña do século XX”, *Semata*, nº 9, pp. 343-370.
- (2009): “A emigración galega entre 1.900 e 1.931”, en X. M. Malheiro, *Emigración e educación. Actas do Congreso celebrado no centenario das Escolas Proval de Gondomar*, Consello da Cultura Galega-U. Vigo.
- SUÁREZ PICALLO, R (2008): *Escolma de textos en galego*, Concello de Sada e Consello da Cultura, Sada.
- VILLA ÁLVAREZ, J. MIGUEL (2002): *Sindicalismo no Baixo Miño (1930-1936). O predomino do agrarismo tomiñés*, Concello de A Guarda e Unión Comarcal de Vigo, A Guarda.